

BASES REGULADORAS

II BATALLA DE BANDAS SADA ROCK.

CONCELLO DE SADA - XULLO 2016.

1. OBXECTO.

Este certame musical nace con vocación de fomentar a cultura en xeral e a música en particular, difundindo e promocionando as creacións de bandas de diferentes estilos e apoiando á escena musical local.

Pretende ser unha cita anual na que teñan cabida os traballos presentados por formacións musicais emerxentes, con poucos traballos editados, servindo de impulso favorecedor da participación popular na cultura. Na presente edición organizarase unha final en directo, con concertos programados para o 15 de xullo, no que as bandas seleccionadas presentarán a súa música en directo diante do público e do xurado do concurso.

A banda gañadora será incluída no cartel do concerto de REINCIDENTES a celebrar o 12 de agosto en Sada.

2. QUEN PODE PARTICIPAR?

- Calquera formación musical cun repertorio propio suficiente como para ofrecer un concerto de 40 minutos, de calquera estilo musical.
- Quedan excluídas as formacións gañadoras nalgunha das 4 edicións anteriores do certame.
- Os/as compoñentes das bandas participantes non poderán formar parte de máis de unha formación das presentadas ó concurso.
- O xurado resérvase o dereito de desestimar a participación dalgunha banda si considerase que non cumpre coas condicións establecidas nestas bases.

3. CÓMO PARTICIPAR?

- Envíanos o modelo de inscrición a batalladebandasada@gmail.com e 2 cortes de audio en formato MP3. **Tes de prazo ata o 1 de xullo ás 14:00h.** Poderás descargar o modelo de inscrición do II Batalla de Bandas Sada Rock en <http://www.concellodesada.com/ga/concello/cultura-e-praias> e en <https://www.facebook.com/culturasada>.
- O prazo de envío de solicitudes comezará a partir da publicación destas bases no B.O.P. de A Coruña e rematará o 1 de xullo ás 14:00h.
- Para que a inscrición dunha banda sexa válida deberedes aportar o modelo de inscrición **correctamente cuberto coa documentación necesaria e compartir o cartel do II Batalla de Bandas Sada Rock** (que vos enviaremos) no facebook oficial ou noutros perfís da banda.
- As bandas inscritas participarán nunha selección previa na que un xurado escoitará os audios recibidos para escoller as **6 formacións que tocarán en directo no concerto da Batalla de Bandas o 15 de xullo.** O resultado desa selección previa **farase público a partir do 1 de xullo.**
- Competirase en categoría única.
- O xurado desta selección poderá incluír directamente nese grupo de 6 escollidas para o concerto a 2 bandas de Sada (que teñan polo menos dous/dúas compoñentes empadroados/as en Sada e o acrediten).

4. CONCERTOS DO II BATALLA DE BANDAS SADA ROCK.

- As bandas seleccionadas tocarán en directo **no escenario do II B.B.S.R. o 15 de xullo.** Contarán cun turno de 40 minutos para defender o seu propio repertorio diante do público e o xurado. Deberán incluír na playlist do concerto os 2 temas presentados á selección previa.
- Os concertos **comezarán ás 20:00h. e rematarán ás 02:00h.**

BASES REGULADORAS

II BATALLA DE BANDAS SADA ROCK.

CONCELLO DE SADA - XULLO 2016.

- A orde de actuación será decidida mediante sorteo previo, nunha reunión con representantes de cada banda. Nesa reunión coordinaranse as necesidades de backline entre as bandas seleccionadas e o Concello de Sada.
- O Concello de Sada aportará o escenario e equipamento de son e iluminación, así como o persoal de produción necesario para organizar os concertos.
- As bandas deberán presentarse no horario de proba de son no que sexan convocadas. A orde da proba de son será inverso ó da orde de actuación. Se algunha banda non se presentase no seu horario de proba perdería o dereito á mesma, e tería que defender o seu directo con "ecualización en vivo".
- O xurado poderá decidir a eliminación do concurso dalgunha banda no caso de que o seu comportamento sexa incorrecto e inaxeitado, así como por faltas de responsabilidade graves que poidan afectar ó funcionamento do evento.

5. PREMIOS DO BBSR.

Establécense os seguintes premios:

- **SELECCIÓN:** todas as bandas seleccionadas recibirán unha cantidade de **200€** en concepto de compensación polos gastos que lles pode supoñer a participación no concerto. De non poder ofrecer a súa actuación por causas alleas á organización perderían o dereito á citada cantidade.
- **PREMIO Á "MELLOR BANDA DA II BATALLA DE BANDAS SADA ROCK":**
 - **Premio de 800€ e inclusión no cartel do concerto de REINCIDENTES, a celebrar o 12 de agosto en Sada.**
(De non poder ofrecer o concerto o 12 de agosto por causas alleas á organización a banda perdería o dereito ó premio).
 - **2º PREMIO:** premio de **300€.**
 - **3º PREMIO:** premio de **200€.**
 - **4º, 5º e 6º PREMIOS:** **100€.**

NOTA: Os importes económicos serán ingresados mediante transferencia a primeira quincena seguinte á celebración dos concertos. Dependendo do importe, os premios poderían estar suxeitos a retencións fiscais.

6. XURADO DO BBSR.

O Xurado da BBSR estará presidido polo Concelleiro de Cultura do Concello de Sada e dividirase en 3 grupos:

1. Músicos e produtores: farase media das súas valoracións sobre cada banda.
2. Xornalistas musicais e outras persoas relacionadas co mundo da música: farase media das súas valoracións sobre cada banda.
3. Público: disporase de papeletas de valoración e unha urna tras cada actuación. Abriranse despois do concerto de cada banda durante 20 minutos. Sumaranse os puntos de cada urna e dividiranse polo número de papeletas.

As valoracións e deliberacións serán secretas. Levantarase acta do resultado das mesmas, que se fará público en canto finalice o reconto tras o último concerto.

A MELLOR BANDA DO BBSFR será a que acade unha maior puntuación sumando as valoracións dos 3 grupos do xurado.

7. CONFORMIDADE.

A participación neste certame supón a total aceptación das presentes bases.

Asdo.:

Marcos Villar López.
Concelleiro de Cultura e Praias.
Concello de Sada.

En Sada a 30 de maio de 2016.